

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

Con motivo de cumprírense os 40 anos da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática pensamos que debemos sumarnos a este acontecemento histórico e demostrar o noso firme compromiso co pobo saharauí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 das cales perderon os seus fogares e quedaron sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundazioa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o pobo saharauí e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, a Deputación da Coruña manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e manifesta o dereito de autodeterminación que legalmente lle asiste ao pobo saharauí.
2. Insta o Goberno de España e a comunidade internacional para que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións das Nacións Unidas.
3. Insta as autoridades marroquís para que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, para que liberen os e as presas políticas saharauís e para que esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.
4. Insta o Estado español para que asuma a súa responsabilidade histórica, traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade das Nacións Unidas en favor de que a MINURSO vexa ampliado o seu mandado á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.
5. Reafirma o seu compromiso de traballar, tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia) coma nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade coruñesa á lexítima loita do pobo saharauí pola súa liberdade.
6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás coruñesas que fan posible proxectos de cooperación co pobo saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz e outros.